



CONCELLO DE MAÑÓN

P1504500H

Praza do Mesón, nº 1. 15337 O Barqueiro – MAÑÓN (A
CORUÑA)

Tel. 981414002 Fax. 981414151

correo@manon.es

No entorno da piscina municipal de O Barqueiro existe unha construción adicada a servizo de bar para uso das persoas usuarias das instalacións.

O Concello pretende satisfacer a finalidade pública de ofertar servizos de calidade ós usuarios da piscina, fomentar o contacto coa natureza, posibilitar a adecuada utilización do ocio e do tempo libre e fomentar e facilitar a convivencia social.

O Concello non conta con medios materiais e humanos necesarios para a prestación do servizo, polo que se fai preciso convocar a súa xestión externa, xa que doutro xeito, sería inviable o seu normal funcionamento.

En virtude do exposto, ó abeiro dos artigos 156 e seguintes da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, convócase procedemento aberto por tramitación urxente, de conformidade cos pregos administrativos e de prescricións técnicas que se incorporan ó expediente.

En Mañón, coa data da sinatura electrónica.

O Alcalde
Alfredo Dovale Pedreira.